




II REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE FINAL
7 XUÑO 2 002

(Coloca aquí unha
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 1
"Un cadrado de mistos"

Observa a figura:



Tes que transformar esta espiral, feita con 24 mistos, en só tres cadrados (non necesariamente iguais) movendo o menor número de mistos que poidas.

¿Como se pode facer?





II REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
 FASE FINAL
 7 XUÑO 2 002

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 2
 "Cadrados fraccionados"

Bieito quería poñer na súa terraza cadrada un enlousado novo. Ocurríronselle estes catro mosaicos e quere colocar o que teña menos parte escura. Ímoslle axudar. ¿Cal escollería Bieito?

Razoa a túa resposta





II REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO


FASE FINAL
7 XUÑO 2 002(Coloca aquí unha
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 3

"O tangram de Sam Lloyd"


Sam Lloyd ideou este quebracabezas. Coas pezas que compoñen o cadrado pódense formar moitas figuras. Trata de construír con TÓDALAS PEZAS:

- Un rectángulo.
- Un romboide.



Recorta as pezas, constrúe as figuras e fai o plano coas solucións.

ACTIVIDADE Nº 3



II REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO


FASE FINAL

7 XUÑO 2 002

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

PROBLEMA Nº 1

" Un de peregrinos "



Este plano mostra o Camiño Francés que vai de Saint Michel a Santiago en trece etapas. Imos seguir o percorrido para averiguar:

- Os km que fixemos dende Saint Michel a Santiago.
- As horas que camiñamos a unha velocidade media de 5 km cada hora.
- Os días que empregou unha panda de xente que ía a 8 km por hora.
- O tempo que lle levaría a un peregrino que viaxaba en coche a 65 km/h.
- O que gastou en gasolina este último peregrino (Cada km sállele a 0,25 €).



II REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO

FASE DE ZONA

7 XUÑO 2 002

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)



PROBLEMA Nº 2

"O aniversario de Eva"

Hoxe é o cumpreanos de Eva, e está organizando, co seu pai, unha festa para celebralo. Vanlle ofrecer ós invitados unha estupenda comida, e como remate, de postre, acordaron preparar uns pasteliños riquísimos, pero non queren facer de máis.

-¿Cantos levamos, papá?

-Con este, van **65**.



-Pois con facer **10 máis**, tocamos cada un, contándome a min, ó mesmo número de pasteliños.

-¿Cantos vasos ides precisar?

-Menos de **30**. Colocados de **2 en 2**, sobra un, pero en **grupos de 3** quedan todos agrupados.

-E á hora do baile, ¿como vos ides organizar?

-Non te preocupes, papá, está solucionado; sen contarme a min, tódolos invitados e invitadas quedan emparellados, formándose **máis de 2 parellas e menos de 20**.

•¿Cántos foron en total os invitados á festa de Eva?



II REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO
FASE DE ZONA
7 XUÑO 2 002

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

PROBLEMA Nº 3


"Camiño da xeometría"

Se segues correctamente o camiño indicado para cada letra, terás o nome dun corpo xeométrico.

> significa ir ó número decimal maior dos dous ós que se pode ir dende a casaña na que se esté.

< significa ir ó menor dos dous.

Sempre se comenza pola casaña superior.



5,34	5,2	3,4	4,2	3,4	3,04	6,01	6,10	0,8	0,09	1,09	1,07	9,32	9,12	3,1	3,01
O	E	U	V	A	N	F	D	I	C	R	C	B	O	S	E

1ª letra: <<<< —
 2ª letra: ><<> —
 3ª letra: <><< —
 4ª letra: ><<< —
 5ª letra: >><> —
 6ª letra: <>>> —

1ª letra: >>>< —
 2ª letra: <<>< —
 3ª letra: ><>> —
 4ª letra: ><>< —

1ª letra: >><< —
 2ª letra: <<<> —
 3ª letra: <>>< —
 4ª letra: ><>< —